

BENESTAR NOS PORCOS



1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

REQUISITO 1: Non atar ás porcas.

REQUISITO 2: En leitóns destetados e porcos de produción, a densidade de cría en grupo debe ser axeitada de acordo coa seguinte táboa:

PESO VIVO (KG)	M ²
Ata 10	0,15
Entre 10 e 20	0,20
Entre 20 e 30	0,30
Entre 30 e 50	0,40
Entre 50 e 85	0,55
Entre 85 e 110	0,65
Máis de 110	1,00

REQUISITO 3: A superficie de chan dispoñible para cada porca ou porca nova despois da cubrición criadas en grupo, será polo menos de 1,64m²/porca nova e 2,25m²/porca despois da cubrición (en grupos inferiores a seis individuos, a superficie do chan incrementárase nun 10%, e cando os animais se críen en grupos de 40 individuos ou máis, pode diminuírse nun 10%).

REQUISITO 4: As porcas e porcas novas, durante o período comprendido entre as catro semanas seguintes á

cubrición e os sete días anteriores á data prevista do parto, criaranse en grupo en recintos cuxos lados superan os 2,8m, ou os 2,4m cando os grupos son inferiores a seis individuos. En explotacións de menos de 10 porcas, poden non ser criadas en grupo sempre que no recinto individual se poidan dar a volta.

REQUISITO 5: No caso de porcas novas despois da cubrición e porcas xestantes criadas en grupo, da superficie total dispoñible o chan continuo e compacto supón polo menos 0,95m²/porca nova e 1,3m²/porca, e as aberturas de evacuación ocupan, como máximo, o 15% da superficie do chan continuo compacto.

REQUISITO 6: Para porcos criados en grupo, cando se usan chans de formigón engrellados, a anchura das aberturas e a anchura das viguetas é axeitada á fase produtiva, peso e tamaño dos animais, segundo a seguinte táboa:

FASE PRODUTIVA	ANCHO ABERTURA EMPARRILLADO	ANCHURA DAS VIGUETAS
Leitóns	Non supera os 11 mm	Un mínimo de 50 mm
Leitóns destetados	Non supera os 14 mm	
Porcos de produción	Non supera os 18 mm	Un mínimo de 80 mm
Porcas e porcas novas despois da cubrición	Non supera os 20 mm	

BENESTAR NOS PORCOS

REQUISITO 7: As porcas e porcas novas mantidas en grupos aliméntanse mediante un sistema que garante que cada animal poida comer suficientemente, aínda en presenza doutros animais que compitan pola comida.

REQUISITO 8: As porcas novas, porcas post-destete e porcas xestantes reciben unha cantidade suficiente de alimentos ricos en fibra e con elevado contido enerxético.

CONDICIÓN XERAIS DE CRÍA DE PORCOS

REQUISITO 9: O ruído continuo no recinto de aloxamento non supera os 85dB_e.

REQUISITO 10: Os animais dispoñen de polo menos 8 horas diarias de luz cunha intensidade mínima de 40 lux.

REQUISITO 11: Os animais dispoñen de acceso permanente a materiais que permitan o desenvolvemento de actividades de investigación e manipulación (palla, feo, madeira ou outro material apropiado).

REQUISITO 12: Todos os porcos son alimentados polo menos unha vez ao día e, en caso de alimentación en grupo, os porcos teñen acceso simultáneo aos alimentos.

REQUISITO 13: Todos os porcos de máis de dúas semanas teñen acceso permanente a unha cantidade suficiente de auga fresca.

REQUISITO 14: Acreditar que antes de efectuar a redución dos dentes se adoptaron as medidas necesarias para corrixir as condicións ambientais ou os sistemas de manexo, para evitar que os porcos se mordan o rabo ou outras condutas irregulares. No caso dos leitóns, a redución dos dentes non se efectúa de forma rutineira, senón unicamente cando existan probas de que se produciron lesións das tetiñas das porcas ou orellas ou rabos doutros porcos. Realízase antes do 7º día de vida, por un veterinario ou persoal debidamente formado e en condicións hixiénicas.

REQUISITO 15: Acreditar que antes de efectuar o corte de rabos se adoptaron as medidas para corrixir as condicións ambientais ou os sistemas de manexo, para evitar que os porcos se mordan o rabo ou condutas irregulares. O corte de rabos non se efectúa de forma rutineira. Se se realiza nos sete primeiros días de vida, faino un veterinario ou outra persoa debidamente formada, en condicións hixiénicas. Tras ese período de tempo, só pode realizalo un veterinario con anestesia e analxesia.

REQUISITO 16: A castración dos machos efectúase por medios que non produzan esgazadura de tecidos, por un veterinario ou persoa debidamente formada, e en condicións hixiénicas. Se se realiza tras o 7º día de vida, faino un veterinario con anestesia e analxesia prolongada.

BENESTAR NOS PORCOS

VERRÓNS

REQUISITO 17: As celas de verróns están situadas e construídas de forma que os verróns se poidan dar a volta, oír, ulir e ver aos demais porcos, e a superficie do chan libre é igual ou superior a 6m² (se os recintos tamén se utilizan para a cubrición, a superficie mínima debe ser de 10m²).

PORCAS E PORCAS NOVAS

REQUISITO 18: As porcas xestantes e as porcas novas, en caso necesario, son tratadas contra os parasitos internos e externos.

REQUISITO 19: As porcas dispoñen antes do parto de suficiente material para facer o niño, cando o sistema de recollida de esterco líquido utilizado o permita.

LEITÓNS

REQUISITO 20: Os leitóns dispoñen dunha superficie de chan que permite que todos os animais se deiten ao mesmo tempo, e a dita superficie é sólida ou con material de protección.

REQUISITO 21: Os leitóns son destetados con catro semanas ou máis de idade; se son trasladados a instalacións adecuadas, poden ser destetados sete días antes.

LEITÓNS DESTETADOS E PORCOS DE PRODUCCIÓN (PORCOS DE CEBO E FUTUROS REPRODUTORES DENDE O DESTETE ATA A CUBRICIÓN)

REQUISITO 22: Cando os porcos se crían en grupo, adoptar medidas que preveñan as pelexas, que excedan o comportamento normal.

REQUISITO 23: O uso de tranquilizantes debe ser excepcional e sempre previa consulta co veterinario.

REQUISITO 24: Cando os grupos son mestura de leitóns de diversa procedencia, o manexo permite a mestura a idades temperás.

REQUISITO 25: Os animais especialmente agresivos ou en perigo a causa de agresións, mantéñense temporalmente separados do grupo.

Normativa Comunitaria de referencia (segundo Regulamento (CE) 73/2009)

- **Directiva 2008/120/CE** relativa ás normas mínimas para a protección de porcos.
 - Artigo 3
 - Artigo 4, apartado 1

Normativa Nacional de referencia (segundo o Real Decreto 486/2009)

- **Real Decreto 1135/2002:** relativo ás normas mínimas para a protección de porcos.
- **Lei 32/2007:** para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS VOSTEDE DEBERÁ

1. Non construír nin acondicionar instalacións para atar as porcas ou porcas novas. Está prohibido o uso de ataduras para porcas e porcas novas.
2. Garantir que cada animal, en función da súa tipoloxía (leitóns destetados, porcos futuros reprodutores antes da cubrición, porcas primíparas, porcas múltiparas e verróns) e peso dispoña da superficie mínima de chan libre esixida pola normativa vixente. Considérase como chan libre aquel que o animal poida pisar en condicións de manexo normais.
3. Especificamente garantir que a superficie total de chan libre do que disporá cada porca, ou porca nova tras a cubrición, criadas en grupo, será de polo menos $2,25\text{m}^2$ e $1,64\text{m}^2$ respectivamente. Se o grupo é de menos de 6 porcas, esta superficie incrementárase un 10%, e no caso de que se críen en grupos de 40 ou máis individuos, poderase diminuír ata un 10%.
4. Garantir que o revestimento do chan será:
 - Para porcas novas tras a cubrición e porcas xestantes: polo menos unha superficie de $0,95\text{m}^2$ /porca nova e $1,3\text{m}^2$ /porca será de chan continuo e compacto, cun máximo dun 15%, de aberturas de drenaxe.
 - Cando empreguen chans de engrellado de formigón para porcos criados en grupos, a anchura das viguetas e a anchura de separación entre estas deberán respectar as dimensións esixidas pola normativa vixente. Polo tanto, cando polo desgaste das viguetas esas dimensións non se cumpran, deberán ser substituídas por outras.
 - Criar as porcas e porcas novas en grupos dende as 4 semanas seguintes a cubrición e os sete días previos a data prevista de parto. Os recintos do aloxamento do grupo deben respectar as dimensións esixidas pola normativa vixente, tendo en conta as modulacións permitidas se o grupo o forman menos de 6 individuos. Estas condicións non se aplican ás explotacións con menos de 10 porcas.

BENESTAR NOS PORCOS

5. No caso de explotacións con menos de 10 porcas, estas poden permanecer illadas entre as catro semanas seguintes da cubrición e sete días antes da data prevista de parto, sempre que se podan dar a volta con facilidade nese recinto.
6. Facilitar ás porcas e porcas novas o acceso a materiais manipulables, tales coma serraduras, madeira, palla, feo, compost, turba, que non comprometen a saúde dos animais.
7. Administrar a todas as porcas novas, porcas post-destete e porcas xestantes unha cantidade suficiente de alimentos de volume ou ricos en fibra, e suficientemente enerxéticos, para cubrir a súa fame e necesidade de mastigar. Deberán utilizarse os pensos adecuados ás necesidades dos animais en cada momento produtivo.
8. Alimentar a todos os porcos polo menos unha vez ao día e garantir que, cando están en grupo e non se alimenten mediante un sistema de alimentación individual, todos os porcos teñen acceso ao mesmo tempo ao alimento.
9. Garantir a todos os animais o acceso adecuado á auga fresca en cantidades suficientes; o acceso á auga será permanente especialmente nos porcos de máis de dúas semanas de vida.
10. Non levar a cabo mutilacións (recorte de dentes e corte de rabos, fundamentalmente) de xeito rutineiro. Só poderán realizarse estas prácticas cando se constate a existencia de lesións nas tetiñas das nais ou casos de mordeduras en orellas ou rabos, e tras a comprobación de que despois da aplicación de medidas preventivas axeitadas, ambientais ou de manexo, estas lesións persisten.
11. As medidas preventivas comprenderán entre outras:
 - Aseguramento ou mellora das condicións ambientais (temperatura, humidade, ventilación, concentración de gases, etc).
 - Densidade animal adecuada.
 - Achega de suficiente e axeitado material de enriquecemento ambiental (material manipulable).
 - Creación de grupos de animais homoxéneos.
 - Minimizar as mesturas de animais de distintas procedencias.

BENESTAR NOS PORCOS

12. Cando sexa inevitable o recorte de dentes ou de rabos en leitóns, estas actuacións realízanse antes dos 7 días de idade e por persoal formado. Se o raboteo se fai despois dos 7 días de idade, faino un veterinario con anestesia e analxesia prolongadas.
13. A castración de machos realízase sen esgazadura de tecidos, por unha persoa debidamente formada, e en condicións hixiénicas. Se se realiza tras o 7º día de vida, faino un veterinario con anestesia e analxesia prolongadas.
14. Garantir que os verróns poden ver, oír e ulir aos demais porcos e que as súas celas contan coas dimensións esixibles pola normativa vixente e permítelles darse a volta con comodidade.
15. Garantir que os leitóns ata o destete dispoñen dunha parte de chan sólida ou revestida que permite que todos se deiten ao mesmo tempo
16. Nas naves, evitar niveis de ruído elevados, tanto continuos como repentinos. Considérase un nivel de ruído aceptable cando se pode manter unha conversa sen forzar a voz.
17. Asegurar que as condicións de iluminación son correctas polo menos durante 8 horas ao día.

Considérase como iluminación mínima aceptable a que permita a lectura dun documento sen esforzo no interior da nave.

18. A chegar aos animais materiais manipulables axeitados para que poidan desenvolver os seus hábitos de comportamento naturais (fozar, explorar...). Considéranse materiais adecuados os que reúnan os seguintes requisitos: destrutible, mastigable, comestible e que permita a investigación polo animal. Son adecuados materiais orgánicos naturais como palla, feo, anacos de madeira, labras ou serraduras, así como materiais téxtiles como sacos ou cordas.
19. Realizar os destetes aos 28 días de idade, podendo facelo unha semana antes se se dispón dunha nave de destete limpa e desinfectada.
20. Adoptar medidas para minimizar as agresións cando se constitúen os grupos de animais. Deberán existir unhas boas condicións ambientais, unha densidade de cría axeitada, realizar as menores mesturas posibles, sendo estas precoces, e dotarase aos grupos de material de

BENESTAR NOS PORCOS

enriquecemento ambiental para que desenvolvan os seus hábitos de comportamento.

21. Non de deben utilizar de xeito rutineiro tranquilizantes para diminuír as agresións na constitución dos grupos de animais. Se se utilizan, deberá ser por prescrición veterinaria.
22. Se existen animais especialmente agresivos ou que sofren agresións continuas, estes animais sepáranse temporalmente do grupo.
23. Tratar ás porcas xestantes e porcas novas contra os parasitos externos e internos, sempre que sexa necesario. No caso de acomodalalas en parideiras, os animais deberán estar limpos.
24. Achegar material axeitado para a construción do niño na semana anterior á data prevista de parto, como palla, tiras de papel ou similares, sempre que sexa compatible co sistema de eliminación de puríns.





3.- LEMBRE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

INFORMACIÓN ADICIONAL

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade, pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en http://www.medioruralemor.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/ ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>)

BENESTAR NOS PORCOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR